

CORPUS CHRISTI

QUERIDOS IRMÁNS

Celebramos hoxe a festa do *Corpus Christi*, na que profesamos moi conscientemente o máis fondo da nosa fe. Aquí móstrase o que nós realmente cremos, no que temos a nosa esperanza e a nosa guía para a vida, como persoas e, desde hai moito tempo, como pobo nesta terra galega.

Cremos no Fillo de Deus feito carne, na súa entrega por nós, na que se revela para sempre o amor de Deus e a grandeza máis plena do corazón humano, da nosa humanidade.

Non hai, non recoñecemos outro Deus máis que o que se nos dá aquí de modo moi real na Eucaristía, capaz de baixar ata o máis fondo, de levantar ao máis pequeno, de ter compaixón do mundo, de amar ao pecador e darlle esperanza. Esta é a maior e mellor expresión de Deus na nosa terra, máis mesmo que o esplendor do sol, do mar, dos nosos vales e montañas. Na súa presenza, percibida na fe, todas as cousas adquiren maior firmeza, reafirman a súa bondade. A creación enteira aparece a unha nova luz, a do amor e a sabedoría divinas, e vémosla como irmá, non como allea ou inimiga, nin como simple material para a nosa manipulación.



Pero este amor de Deus no que cremos refléxase en primeiro lugar no rostro do próximo e de cada un, sen discriminacións nin exclusión. Dáanos a certeza da dignidade de cada persoa, a esperanza polo seu destino bo; fálanos da necesidade do respecto e do coidado, da caridade verdadeira.

Nós hoxe celebramos publicamente que o Señor Xesús amounos, entregouse por nós e dáenos en comunión. A súa é xa para nós a estatura verdadeira do ser humano, cara á que todos estamos chamados a crecer. Nel vemos realizada a maior grandeza, a vitoria definitiva do homesobre o egoísmo e o odio, sobre a soidade e a morte.

Non recoñecemos outro ideal de humanidade. Sabemos que calquera outro será sempre máis pequeno e máis alleo ao noso corazón, menos capaz de comprender, defender e salvar a nosa persoa e o noso existir.



E por iso tampouco dispoñemos doutra sabedoría para guiarnos na vida diferente da que aprendemos na Eucaristía, no sacramento do Corpo e o Sangue do Señor: non separarse xa nunca do amor de Deus, nin separarse ou abandonar ao irmán; senón seguir a lei da caridade que aquí se comparte, pedindo ao Espírito Santo que nos guíe coa súa intelixencia e os seus dons en todas as circunstancias.

Onde está o noso tesouro, alí está o noso corazón. Pois ben, este é o noso tesouro. Isto proclama con sinxeleza a nosa fe: cercade Ti, Señor Sacramentado, eu quero estar, que ves a miña dor cando ninguén a ve, que me escoitas e non me esqueces, o único que podes darme a paz. Permanecendo na Súa presenza, ilumínase o noso rostro e o do irmán, e os camiños da vida, a pesar dos momentos de incerteza e da escuridade do mal.



A Eucaristía é sacramento da paz e da unidade. Nela somos amados por aquel que quita o noso pecado, que vence divisións xerando fraternidade verdadeira, que nos dá parte na comunión plena dos seus discípulos, da Igrexa. Aquí acóllenos, e dáenos como alento novo da alma, unha caridade que é divina e tamén humana, que dá sentido a todas as cousas e que permanecerá para sempre.

Neste sacramento santísimo o Espírito de Deus converte para nós á humanidade de Xesús en alimento, en fonte dun amor capaz de soste-la toda a vida: un amor que é paciente e benigno, que non ten envexa, non presume nin se ensoberbece, non se irrita, non leva contas do mal, goza coa verdade. Que non pasa nunca, que vence mesmo á morte e lévanos ao ceo.

A cobiza, a soberbia de quen ten que afirmarse no mundo por enriba ou contra os demais, de quen necesita apoderarse das cousas, da riqueza, das persoas, para satisfacer a propia vontade; todas estas paixóns, que parecen gobernar o mundo, non conducen a nosa vida nin as nosas sociedades á paz e ao ben; aínda que se nos presentan ás veces moi romantizadas ou sexan mesmo glorificadas publicamente. Nós queremos recoñecelas claramente como unha equivocación, lamentamos prestarlles corpo e alma, e pedimos perdón por iso, polo noso pecado.

A novidade de vida significada pola Eucaristía, o absoluto e o real do seu amor, da presenza e proximidade do Señor, correspóndese co desexo do noso corazón. Este é o misterio no que cremos. E é o que necesita o noso mundo para deixar atrás loitas e violencias, mentiras e inxustizas, a soidade e a infelicidade. E a guerra mesma.



Neste tempo noso, en que a guerra se instala como inevitable, crece e ameaza facerse global, nós pidamos hoxe a paz: a paz do Señor para connosco, como nos ofreceu nas súas primeiras palabras o papa León; e a paz para os pobos e para o mundo .

Pidamos hoxe polo fin das guerras, das violencias sobre persoas, familias e pobos. O noso mundo sofre, necesita a palabra do Evanxeo, a fe na Eucaristía, o noso testemuño como Igrexa .

Pidamos ao Señor vivir e construír nós a paz na nosa contorna, sabendo amar e apreciar a verdade, crescendo no respecto polas persoas, en caridade mutua, que escoita e dialoga, que vai ao encontro das necesidades .

Manteñamos a esperanza. Que a confusión e o ruído do mundo non escurezan a nosa fe. As guerras non son inelutables. Pidamos pola paz no mundo, que se construírá, coa axuda de Deus, sobre a mesma base: recuperar o amor á verdade, o respecto pola vida e a conciencia do próximo –do diferente e, sobre todo, do máis débil–, renunciando a absolutizar a propia vontade de dominio, de poder e de riquezas.

Na Eucaristía Deus ama ao home para sempre, vén ao noso encontro cada día. A nós énos dado acollelo con fe, responder a Deus con amor .

Neste día de *Corpus* proclamámolo de novo: esta é a nosa fe, esta é a verdade das cousas, o camiño do ben, a esperanza para o mundo. A esperanza para cada un de nós, irmáns xa, mesmo sendo aínda pecadores, e a esperanza máis grande para os nosos seres queridos, vivos e defuntos .

Na Santísima Eucaristía temos a nosa paz. Que Deus nos garde nela a nós, ás nosas familias, á nosa cidade de Lugo e ao noso mundo .

MOI FELIZ DÍA DE CORPUS A TODOS!

+ Alfonso,
Bispo de Lugo